

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2025**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de outubro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.<sup>a</sup> OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do 26 de febreiro, 27 de agosto, 3, 10, 17, 24 de setembro e 1 de outubro de 2025 (exp. tecol: 2025/G004/000582).

### **ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase declarar a caducidade da licenza urbanística 338/1992, no correspondente unicamente ó edificio B composto de planta baixa para garaxe aparcadoiro (2 prazas) e oficinas, e dúas plantas altas para 4 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros a emprazar na rúa Serra de Meira, número 50. (2025/Y008/000002).

Acórdase a aprobación da licenza urbanística para ampliación de actividade preexistente, no lugar de Codeside, Santa María de Muxa, (expte: 2025/Y001/000094).

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adxudicación da concesión do uso privativo do campo municipal de fútbol José Carballido Cerceda. expte ref 2025-C012-000002.

**Fóra da orde do día**

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac7582997120482095444.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-10-2025

- Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto de adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do alugamento, montaxe e desmontaxe de elementos de iluminación decorativa para exterior en recintos da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, así como a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2025/C004/000009.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.**